



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 29 DE MARZO DE 2019

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**LIC/1982/2018.-ALEJANDRO BENITO VÁZQUEZ GARCÍA.-** Conceder licenza para executar obras de reforma e ampliación de vivenda en edificio de vivendas sito na rúa do Hórreo nº 160.

**LIC/623/2018.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RAMÓN CABANILLAS, 9-11.-** Conceder licenza para executar as obras de instalación dun ascensor na rúa Ramón Cabanillas nº 9-11.

**LIC/2067/2018.- NATALIA MALLÓN MALLÓN.-** Conceder licenza para executar obras de reforma de cuberta e substitución de carpintería exterior en vivenda unifamiliar existente situada na rúa Muíña nº 27.

**LIC/1701/2017.- OLALLA SÁNCHEZ PINTOS.-** Aceptar a cesión de terreos e conceder licenza para rehabilitación de vivenda unifamiliar sita en rúa Fernando Casas Novoa, 4.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras de reforma e ampliación de vivenda en edificio de vivendas sito na rúa do Hórreo nº 160. LIC/1982/2018.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de instalación dun ascensor na rúa Ramón Cabanillas nº 9-11. LIC/623/2018.** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras de reforma de cuberta e substitución de carpintería exterior en vivenda unifamiliar existente situada na rúa Muíña nº 27. LIC/2067/2018.** Apróbase a proposta.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de terreos e conceder licenza para rehabilitación de vivenda unifamiliar sita na rúa Fernando Casas Novoa, 4. LIC/1701/2017.** Apróbase a proposta.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais, relativa á aprobación do PLAN DE XESTIÓN DA CIDADE HISTÓRICA. (Expediente: DAR/15/2016).** Apróbase a proposta.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa ao inicio de trámites para proceder á recepción das obras de rexeneración do pavimento da calzada da vía de servizo Este (marxe pares) da Avda. Cruceiro da Coruña.** Apróbase a proposta.

**8.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa ao inicio de trámites para proceder á recepción das obras de rexeneración do pavimento da**

**calzada dos viarios de acceso ao Palacio de Congressos e Exposicións de Galicia (Miguel Ferro Caaveiro-Fernando Casas Novoa).** Apróbase a proposta.

**9 a 56.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.** Apróbase a proposta.

**57.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á denegación dunha solicitude de bonificación no imposto sobre bens inmobles.** Apróbase a proposta.

**58.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á exención no imposto sobre bens inmobles ao Arcebispado de Santiago de Compostela.** Apróbase a proposta.

**59.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición contra acordo da Xunta de Goberno de data 5.10.18. (TXX/336/2017).** Apróbase a proposta.

**60.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición contra acordo da Xunta de Goberno de data 13.7.18. (TXX/1984/2016).** Apróbase a proposta.

**61.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición contra acordo da Xunta de Goberno de data 13.7.18. (TXX/1987/2016).** Apróbase a proposta.

**62.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á estimación parcial dun recurso de reposición contra acordo da Xunta de Goberno de data 13.7.18. (TXX/1986/2016).** Apróbase a proposta.

**63.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza para responder do contrato do "Servizo de mantemento, conservación e reparación das instalacións do sistema de control de tráfico do termo municipal de Santiago de Compostela".** Apróbase a proposta.

**64.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do inicio do procedemento e bases da convocatoria para concesión de axudas individuais para o uso do servizo de taxi como medio alternativo para as persoas con dificultades de mobilidade ou que presentan limitacións para o uso do transporte colectivo do Concello de Santiago 2019.** Apróbanse as bases da convocatoria, á que se destina un importe de 15.000 euros.

**65.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á resolución de incidencias de bolsas de comedor e actividades extraescolares para a resolución de reclamacións presentadas por mor da convocatoria das ditas axudas para o curso 2018/2019.** Apróbase a proposta.

**66.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á solicitude dunha subvención para o financiamento dos servizos sociais comunitarios básicos.** Acórdase a solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios básicos por unha contía de 1.524.326,61 euros sobre un orzamento total de 2.977.523,89 euros. De cederse, tería unha achega municipal de 1.453.197,28 euros, que supón unha porcentaxe do 48,81 por cento sobre o orzamento total do proxecto. Do importe solicitado, 312.942 euros serían para gastos de persoal e 1.211.384,61 euros para o Servizo de Axuda no Fogar.

**67.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa ao cambio de designación de director do contrato das obras da cuberta da pista polideportiva de Verdía. (Plan único de Concellos) POS+2018.** Apróbase a proposta

**68.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á autorización do uso gratuito do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro e campo de adestramento de San Lázaro II para a organización do minitorneo de seleccións de elite SUB19 DE FÚTBOL FEMININO.** Apróbase a autorización especial de uso, con carácter gratuito, do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro e o campo de adestramento de San Lázaro II a favor da Federación Galega de Fútbol para a organización, xunto coa Real Federación Española de Fútbol, do Minitorneo de Seleccións de elite Sub19 de fútbol feminino, programada para a semana do 2 ao 9 de abril e na que participan as seleccións de España, Hungría, Irlanda e Serbia.

**69.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.** Apróbase a proposta

**70.- Recoñecemento de obrigas.** Apróbase a proposta.

**71.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente relativa á comparecencia do concello para exercer a acusación particular nas dilixencias previas iniciadas por mor da denuncia e querela da fiscalía nos xulgados de instrución nº 1 e 3 da cidade.** Acórdase que o Concello compareza para exercer a acusación particular nas dilixencias previas iniciadas como consecuencia da denuncia e querela da Fiscalía nos xulgados de instrución nº 1 e nº 3 de Santiago contra a sociedade mercantil Tecnosolos Galaicos SL e contra a sociedade mercantil Sertego Servicios Medioambientales, respectivamente, como consecuencia das denuncias presentadas pola Plataforma de afectados polo vertedoiro de Miramontes.

**72.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á solicitude dunha subvención para o plan concertado de servizos sociais comunitarios específicos: escolas infantís municipais para o ano 2019.** Apróbase a solicitude de financiamento á Consellería de Política Social para as Escolas Infantís Municipais para o ano 2019, por un importe de 394.726,77 euros, o 50 por cento do custo total. O outro 50 por cento sería de achega municipal.

**73.- Proposta da concelleira delegada de Promoción Económica relativa á convalidación da solicitude presentada e aceptación de subvención concedida ao abeiro do programa URBACT III para o desenvolvemento da 2ª fase do proxecto "Tropa Verde".** Apróbase a proposta.

**74.- Proposta do Alcalde relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a Universidade de Santiago de Compostela para realizar exposicións e actividades sobre discursos, imaxes e prácticas culturais de visitantes e habitantes de Santiago ao amparo do artigo 83 da Lei 6/2011.** Apróbase a proposta.

**75.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e DECATHLON para actividades de formación en materia de seguridade viaria.** Apróbase a proposta.

**76.- Proposta do Alcalde relativa á aprobación do texto do convenio nominativo coa Asociación Correlingua para o ano 2019.** Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 2.500 euros.

**77.- Proposta do Alcalde e da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á aprobación da convocatoria de concesión de vinte cheques de consultoría: dez**

para a adecuación de locais comerciais e dez para asesoramento en comunicación comercial. Apróbase a proposta.

**78.- Dar conta da sinatura do convenio entre o concello de Santiago e o CLUB SANTIAGO FUTSAL 2019.** Dáse conta.

**79.- Dar conta polo concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática da modificación do orzamento e cadro de recursos humanos da convocatoria de concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos en materia de adaptación ao cambio climático 2017, proxecto "Descarboniza! Que non é pouco..." e a aceptación pola Dirección da Fundación de Biodiversidade.** Dáse conta.

**80.- Dar conta pola concelleira delegada de Igualdade do fallo do premio de ensaio e creación audiovisuais Xohana Torres, edición 2018.** Dáse conta do fallo do xurado que declarou deserto o premio de ensaio Xohana Torres. No tocante á modalidade de creación audiovisual, nesta edición non se presentou ningún traballo.

**81.- Dar conta da corrección de erro no punto nº 31 da sesión de 9.11.18, de aprobación do programa FICRURAL e de solicitude dunha subvención á Deputación Provincial.** Apróbase o programa de actividades FICRURAL e a achega municipal por importe de 30.000 euros. Acórdase tramitar unha subvención nominativa para o financiamento deste programa coa Deputación da Coruña, por importe de 120.000 euros.

**82.- Dar conta polo concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade da resolución do TEAR de Galicia, que anula as liquidacións en concepto do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros do período 2011-2016.** Dáse conta da resolución ditada polo Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia quenula as liquidacións practicadas pola Axencia Tributaria á UTE Tralusa, concesionaria do servizo de transporte colectivo urbano, correspondentes ao período 2011-2016 e que tiñan por obxectivo a integración na base impositiva correspondente á prestación de servizos de transporte urbano a compensación que a concesionaria percibe do ente público. Anuladas estas liquidacións, as facturas emitidas quedan privadas de causa.

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á nova concesión de uso das hortas urbanas de Santa Marta-Conxo-Volta do Castro.** Acórdase abrir o prazo para formular as solicitudes de concesión de uso das hortas urbanas de Santa Marta-Conxo-Volta do Castro, desde o 15 ao 30 de abril.

**2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á apertura do prazo para a presentación das solicitudes de renovación das concesións de uso das hortas municipais de Belvís de Arriba.** Apróbase a apertura dun prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitude de renovación da concesión de uso das hortas municipais de belvís de Arriba, durante o período que abrangue do 1 ao 12 de abril.

**3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á apertura do prazo para a presentación das solicitudes de renovación das concesións de uso das hortas municipais da Almaciga, Caramoniña e Brañas de Sar.** Apróbase a apertura dun prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitude de renovación da concesión de uso das hortas municipais de belvís de Arriba, durante o período que abrangue do 1 ao 12 de abril.

**4.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, relativa á adxudicación do contrato de obras demellora do firme nas parroquias de Verdía, Grixoa, A Peregrina, Sabugueira e Barciela. POS+ 2017.** Adxudícase o contrato de referencia á empresa ALCOMTE Galicia SL, por un importe de 173.190 euros, IVE incluído.